Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión ordinaria que se celebrou o mércores día 5 de maio de 2009 ás 11 h 30 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Xosé A. Vila Sobrino (CIG); X. Henrique Costas (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); Manuel Megías Pacheco (AGPTU); Manuel Ramos Cabrer (UXT); F. Javier García Núñez (UXT); Manuela Raposo Rivas (UXT); Rafael Durán Barbosa (CCOO).

Desculpan a ausencia Luís Anido Rifón (CIG); Xavier Roca Pardiñas (CIG).
Os puntos da orde do día foron:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores
Aprobouse por unanimidade a acta da sesión ordinaria do 21 de maio de 2008 despois de que a profesora Generosa Fernández esixise que constase en acta que ela lle fixera un rogo ó Presidente para que comprobase a información que recibía, xa que o día que el informou sobre Docentia, dicindo que se comprometeran a enviarllo cando o plan se aprobase, xa estaba aprobado.
Aprobouse por unanimidade a acta da sesión extraordinaria do 21 de maio de 2008.
Aprobouse por unanimidade a acta da sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2009 despois de que a profesora Manuela Raposo fixera constar que faltaba a súa adscrición a UXT.

2. Informe
O Presidente informou sobre as consecuencias da Xunta anterior e manifestou que houbera 36 sobres coa nota requerida nas enquisas do primeiro cuadrimestre.

3. Análise do estado das negociacións sobre os quinquenios
O Presidente informou sobre a reunión do 22 de abril á que asistiu xunto con María Vera e Enrique Ares, representando os tres á Xunta de PDI, e cos representantes dos dous Comités de Empresa. Leu o documento asinado por todos eles á fin da xuntanza, detallou os tres supostos actuais para a concesión automática dos quinquenios e manifestou que el na xuntanza lembrara que soamente un deles era legal, xa que a lei esixía informe positivo do Consello de Departamento, informe positivo da Xunta de Facultade e opinión dos alumnos. Por último, subliñou que o acordo prevé un cuarto suposto, cuxa negociación pode permitir que se cumpran as esixencias da parte social. O acordo asinado acompáñase como anexo.
O profesor Nicanor Alonso queixouse do procedemento seguido na reunión porque a dinámica non seguiu o consenso proposto na Xunta de PDI de 22 de xaneiro de 2009.
A profesora Generosa Fernández esixe que «conste a queixa do incumprimento do acordo da Xunta de PDI de 22 de xaneiro de 2009».

4. Propostas para a configuración da Mesa de Negociación de Universidade
Aprobouse por unanimidade nomear para a Mesa unha Comisión representativa da Xunta de PDI-F composta por Camilo Vázquez (CIG), J. Enrique Ares (UXT), María Vera (AGPTU) e Rafael Durán (CCOO). Tamén se aprobou que estes membros puidesen delegar noutros dos seus propios grupos sindicais.

5. Rogos e preguntas
O profesor Rafael Durán preguntou sobre o estado de implantación do programa Docentia, sobre o Estatuto de PDI e sobre a Lei da Ciencia.
O profesor Manuel Megías preguntou se, por parte do Reitor, se estaba tendo en conta ou se se ía ter en conta o traballo non presencial do profesor.
A profesora Generosa Fernández pide que o Presidente solicite información do xeito previsto para avaliar (no POD) a participación do profesorado no traballo non presencial .
A profesora Manuela Raposo manifesta o interese en participar en todo proceso vencellado coa elaboración do POD e pide que o Presidente esixa que se nos convoque en tódolos procesos anteditos.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 12 horas 45 minutos.

Vigo, 5 de maio de 2009

O Secretario O Presidente

Asdo. Aquilino Alonso Asdo. Camilo Vázquez